

Apoia un mundo rural vivo coa túa propia dieta

¿Sabías que...



Visita o noso sitio web
menudatierra.eco



En España hai zonas moi pouco habitadas, o 2 % da poboación vive en municipios de menos de 500 habitantes. Isto supón o 28 % do territorio.



A agricultura sempre foi un sector de homes: tan só o 30 % das explotacións agrícolas está en mans de mulleres. Porén, na produción ecolóxica hai máis presenza feminina.



Requírense fórmulas novas que permitan ter un mundo rural vivo en que haxa unha relación estreita entre as zonas rurais e as cidades. Deste xeito, aseguraremos que a xuventude permanezan nas zonas rurais e que todas as persoas teñan dereito a unha alimentación de calidade.



Que podes facer?



1

Consume alimentos ecolóxicos e de proximidade.



2



Busca canles curtas de proximidade para facer a compra: mercados, trato directo con produtores, tendas de barrio, tendas especializadas, agrotendas etc.

3

Compra alimentos de denominacións de orixe protexidas.



4



Infórmate e esixe aos representantes políticos que impulsen sistemas que apoiem os produtores locais e a venda de e produtos a través de canles curtas.

5

Apoia as iniciativas que busquen desenvolver sistemas alternativos de produción e comercialización de alimentos na túa área, como cooperativas de consumidores, compra directa a agricultores, mercados agrícolas, supermercados cooperativos...



Nos restaurantes, pregunta e consume produtos locais.

6

A crises recentes puxeron de manifesto que estamos nunha situación de vulnerabilidade alimentaria e que é urxente e necesario mellorar e dar apoio ás zonas rurais.



A venda de alimentos a través de canles curtas favorece o desenvolvemento das producións locais, o abaratamento dos produtos e a sostibilidade dos sistemas de alimentación. Pois estas canles de comercialización reducen intermediarios entre produtores e consumidores; mesmo hai ocasións en que a venda é directa.



A agricultura é cada vez menos familiar namentres que fondos de investimento e de pensión, sobre todo estranxeiros, acaparan grandes extensións de terreo poñendo en risco a soberanía alimentaria.

A soberanía alimentaria é o dereito que temos os consumidores a decidir e controlar o que comemos, sen que a industria agroalimentaria ou os intereses económicos poidan influír niso.